


2ª ACTIVIDADE. (Destápase o sombreiro)



¿Que é iso?

- Unha pandereta
- É un redondo
- Un tambor
- ¡no!
- Un colgante para o pescozo
- Un círculo
- Azul, flores

É para poñer na.....(pista da profe, non aprecian ben o debuxo)

- Un gorro, un sombreiro.

¿Como está?

- Para abaixo
- O están cosendo
- O están quitando a alguén
- Non é un gorro, (Miguel) é un erizo columpiándose con cara de neno(¿que verá este rapaz?)
- É un sombreiro (profe)
- É un gorro que llo están regalando a un neno
- A un neno porque son noivos
- Non é unha nena que llo leva a súa avoa para que llo cosa
- O pode ser que o neno lle dea o gorro de regalo, para que lle recorde
- Ten flores de tela (Adela), é un gorro de ir a unha comunión, elegante
- Lle regalaron o gorro, e o cumpre.
- Me parece unha pelota(Luci)
- Xogan un neno e unha nena (Miguel)
- É unha canasta (David)
- Miguel: ¡ah! Xa o sei.O cadro é unha terraza e choveu.O parar de chover puxeron o paraugas a secar e agora xogan a pelota

- Adela: hai mans que agarran un gorro e danllo a alguén.

2ª actividade: (Dáselle os rapaces unha cartulina cun gorro e rematan o cadro)